

NARRADOR.-Pepe, cada vez que está con Pepa, enfádase ou peléxase por algo que fai ou di ela e que a el non lle gusta.

PEPA.- *(Cansa dos seus enfados)* Xa non podo máis!!!! Temos que falar.

Pepe altérase e comeza a pegarlle patadas a un banco do parque.

PEPA.-*(Asustada)* Cálmate, pídocho por favor.

Pepe comeza a insultala e marcha para casa.

(Unha semana máis tarde).

NARRADOR.- Pepa achégase á casa de Pepe para ver como está, non lle contestou aos *WhatsApps* e está preocupada. *(Pepe está só na casa).*

PEPA.- Necesitas cambiar, hai cousas que me fan dano.

Soa o móbil de Pepa, é un amigo seu.

AMIGO.- Que páxinas entran no exame de mañá?

Pepe altérase moitísimo, cóllelle o móbil a Pepa e rómpelo contra o chan.

PEPA.-*(Correndo asustada)* O noso rematou, estúpido!!

NARRADOR.- Máis tarde Pepe trata de contactar con ela pero non pode, pois o seu móbil está roto. Ao día seguinte cómpralle un novo e vaina buscar.

PEPE.- *(Rogando)* Volve comigo, por favor!!

Pepa está doída.

PEPE .-*(A piques de chorar e de xeonllos)* Prométoche que vou cambiar, teño problemas na casa e estou moi alterado.

PEPA.- Veña vale, douche outra oportunidade.

NARRADOR.- Pepa sobe ao sexto chanzo.